

ESCUDO PIÑEIROS

Piñeiro (lat. Pinnarius) pertenceu dende a noite dos tempos a San Martiño de Xuvia, Mosteiro e couto cuia xurisdicción con Froila Bermúdez e o seu fillo o Conde de Galicia e Trava D. Pedro Froilaz extendíase ata Brión por pertencer a Xuvia o couto de Serantes, (ata que ó 7-12-1132 un fillo deste último, D. Fernando Pérez, 1^a Conde de Trastámarra, e a raíña Dona Tareixa concambiaron a Xuvia Serantes por Caranza para dotar os fillos de ambos con este Couto.

Asemade parte de Piñeiro pertencia a cabeza do Arciprestado de Trasancos: Sta Icía, incluída no couto de S. Martiño. Os lindes deste couto partían desde o Esteiro do Ponto, subindo polo río Freixeiro fundíndose con Santa Icía no que hoxe se chama a Ponte Romana (en realidade unha ponte reconstruída totalmente pola xunta de caminos de Ferrol en 1814) indo de alí unha pedra chantada nun monte sobre a igrexa de Sta Icía continuando ó Boial e de alí pola natural corrente do río que se chamaba entón dos Abrueiros (hoxe Rio Inxerto) que deslindaba Sta Icía de Filgueira, á Ponte (Medieval) das Cabras, polo camiño continuando a Lama Versada (onde hoxe está Alcampo) e ó Río Areoso que a separaba de Fernande e Recimil (hoxe casas baratas) ata o mar.


O couto de Xuvia sufriu unha serie de secesións, que daría orixe a frigresía de Nosa Señora dos Desamparados de Piñeiro.

En 1834 Santa Icía pasou o Concello de Serantes e en 1940 a Ferrol.

O 23 de Maio de 1964 dividiuse Sta. Icía entre Ferrol e Narón quedando Narón con areas de nova poboación: Marxen esquerda da vía de "ferrocarril da Costa" (Inxerto, Solaina, Fonte da Cruz -mercada en 1574 por Yáñez de Leiro a Xuvia). O 25 de Marzo de 1959, segregouse S. Xosé Obreiro do Alto do Castiñeiro, dende o río Freixeiro o longo da via Ferrol/Xixón ata a Ferrolana.

O 19 de Marzo de 1966 do río Freixeiro ata o río

PIÑEIROS



Seco polos Amenadás e polo Lodairo e Feal creouse con parte dos Coutos de Xuvia e Sta. Icía Nosa Sra. dos Desamparados de Piñeiro.

Proposta heráldica

O Escudo segundo as regras da heráldica debe ter proporcións, medidas e divisións moi exactas.

As proporcións deben ser de 5 á 6 (5/6)

O excusón, no centro do escudo debe ser exactamente de 1/3 do escudo. O escusón levará o escudo de Narón indicando o carácter institucional e non familiar das figuras heráldicas dos cuarteis.

1^a PROPOSTA

Escudo mixto partido a direita e cortado en dos cuarteis a esquerda. A direita (o escudo sempre manda, e o que nos vemos como esquerda é a direita do Escudo) representamos a Orde de Cunegó (Cluny) duas chaves cos esmaltes en ouro sobre campo de Azur. No cuartel da Esquerda, segundo en importancia destacamos as figuras da Casa de Mandiá tres bastóns en ouro e lebre en prata sobre campo de gules, dos señores de Xuvia, seus portos e saíñas, e por ende Piñeiro ó longo da Idade Moderna, que residian no pazo da Casa do Monte en S. Pedro de Leixa.

No cuartel inferior esquerdo seguindo a vella costume de non representar mais de tres linaxes, representamos as figuras do árbol (Piñeiro) en sinople e os esquios en ouro sobre campo de Gules dos Esquio. Cabaleiros e Piores de Xuvia que levaron na Idade Media as terras de Piñeiro.

O excusón representa a vinculación de Piñeiro ó Concello de Narón a quen debe a súa creación.

O excusón centrado e sen brisura ocupa 1/3 do Escudo cós esmaltes (metais e colores) do Concello de Narón. ■

O ARQUEOLOGO MUNICIPAL
ASDO. ANDRES PENA GRAÑA